

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2012 11:19
Nº Rexistro: 76643
Data envío: 26/01/2012 11:19:11.704

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á vulneración da legalidade lingüística que practica o Concello de Marín.

O Concello de Marín está a vulnerar a legalidade vixente en materia lingüística. O artigo 7.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galiza, establece literalmente:

“ 1. O galego, como lingua propia de Galiza, éo tamén da súa administración local.

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega”.

Porén, o Concello de Marín está a expedir notificacións oficiais que exclúen a lingua galega na relación coas veciñas e veciños de Marín. Así acontece, por exemplo, cos recibos de liquidación de taxas, a súa aplicación informática e os seus carimbos, así como cos certificados de empadramento, nos que se chega (ademais de facer desaparecer a lingua galega) a utilizar toponimia deturpada, non oficial (caso de “La Coruña”) no canto da xenuína e orixinal, ademais de uso oficial. Contraríase así o que determina a Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, no seu artigo 10.1.:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“1. Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”.

Tamén as resolucións contidas no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (lembreos; aprobado por unanimidade –daquela, tamén co voto favorábel do Partido Popular- no ano 2004) relativas ao uso da lingua galega no desempeño das súas funcións por parte das e dos cargos públicos dos concellos, son sistematicamente desprezadas pola alcaldesa de Marín e membros do equipo de Goberno municipal. Actuacións contrarias ao noso idioma danse tamén na sinalética de rúa recentemente instalada, así como nos ámbitos máis diversos.

Curiosamente, a maioría absoluta do PP neste concello serveu para, ademais de conculcar os dereitos lingüísticos e a legalidade a eles vinculada, adherir a institución municipal á Rede de Dinamización Lingüística, impulsada de xeito tan propagandístico como fraudulento por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Pintoresco proceder: o concello de Marín nega e despreza o idioma propio do país nas súas actuacións e, simultaneamente, únese a unha rede de “dinamización” do galego. Sen comentarios.

De xeito simbólico, mais tamén sintomático, cumpre lembrar a recente decisión do Goberno municipal do PP de eliminar a denominación de “Rosalía de Castro” dunha rúa marinense, substituíndoa pola de Jaime Janer, militar español distinguido polo bombardeo de Marrocos dende buques da Armada española. Resulta grotesco tal nivel de desdén e menosprezo polo noso, e tal fascinación polo alleo. Nin Rosalía de Castro é, para o Partido Popular, merecente do nome dunha rúa en Marín...



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que opinión lle merece ao Goberno galego a vulneración da legalidade en materia lingüística (toponímica incluída) que practica o Concello de Marín?

2.^a) Ten previsto adoptar algunha medida por este motivo perante o concello de Marín, atendendo a que a legalidade vigorante –dende a Lei 5/1988, de uso do galego como lingua oficial de Galiza polas entidades locais, até a 5/1997- outórgalle á Xunta a potestade de dirixir o proceso de normalización lingüística, tamén no ámbito da administración local?

3.^a) En caso positivo, que actuacións se porán en marcha e en que prazo se farán efectivas?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 26/01/2012 11:14:33